



**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: APROBACION RESOLUCION CONCURSO DE ESCAPARATES DE
NADAL 2019**

EXPEDIENTE: 2020/G003/000039

ANTECEDENTES:

En data 23/12/2019 asinouse o decreto con número 915/2019 de aprobación das bases do concurso de escaparatismo de Nadal 2019, no que se establecían uns premios cunha dotación económica total de 600,00 euros (correspondendo a un primeiro premio 300,00 euros; a un segundo premio 200,00 euros; e a un terceiro premio 100,00 euros).

Paralelamente, a través do decreto número 753/2019 de data 12/11/2019, apróbase a correspondente transferencia de crédito (TC nº 15/2019) para dotar á partida orzamentaria 334/480.00 cunha cuantía de 600,00 euros por corresponder esta cuantía coa suma total dos premios que se conceden, do que se dá traslado ao departamento de intervención aos efectos oportunos.

No período concedido polas bases para a presentación de instancias para a participación neste concurso, achegáronse as seguintes:

- D^a Patricia Barrigón Barca (RE nº 3728 de data 09/12/2019).
- D^a Mercedes Catraín González (RE nº 3740 de data 10/12/2019).
- D^a Patricia López Varela (RE nº 3759 de data 11/12/2019).
- D^a Lorena Varela Pose (RE nº 3762 de data 11/12/2019).
- D^a Cristina Rodríguez Remuíñán (RE nº 3766 de data 12/12/2019).
- D^a Verónica Porteiro Segovia (RE nº 3779 de data 12/12/2019).

Tal e como se establece nas bases, o prazo de exhibición dos escaparates abarcaba ata, polo menos, o día 31 de decembro de 2019.

O xurado, cos integrantes que a continuación se relacionan, réunese en data 09/01/2020 para elaborar a correspondente acta:

- D^a M^a Mercedes Deus Antelo.
- D^a Cristina París Padilla.
- D^a Clarisa Couto Castro.
- D^a Mónica Cancela Pensado.

Consta na acta do xurado os tres establecementos gañadores dos tres premios concedidos, ordeados do seguinte xeito, de primeiro a terceiro:

- 1º premio: As Fías (D^a Verónica Porteiro Segovia).
- 2º premio: Perruquería Patricia (D^a Patricia Barrigón Barca).
- 3º premio: Perruquería Lorena (D^a Lorena Varela Pose).



Tendo en conta que a transferencia de crédito número 15/2019 foi realizada no exercicio 2019 e tiña aplicación unicamente para ese exercicio, en data 21/01/2020 asínase o decreto con número 33/2020 de aprobación da transferencia de crédito (TC nº 1/2020) para dotar á partida orzamentaria 334/480.00 cunha cuantía de 600,00 euros e dar así continuidade ao proceso iniciado no exercicio 2019.

Realizada a dotación orzamentaria da partida 334/480.00 do orzamento do exercicio 2020 á que se imputarán os gastos correspondentes ao premios do concurso de Escaparates Nadal 2019.

Á vista do anterior, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Outorgar o primeiro posto no Concurso de Escaparates de Nadal 2019 do Concello de Coristanco a D^a Verónica Porteiro Segovia.

Segundo.- Outorgar o segundo posto no Concurso de Escaparates de Nadal 2019 do Concello de Coristanco a D^a Patricia Barrigón Barca.

Terceiro.- Outorgar o terceiro posto no Concurso de Escaparates de Nadal 2019 do Concello de Coristanco a D^a Lorena Varela Pose.

Cuarto.- Aprobar o pago dos premios, autorizando e dispoñendo o gasto e recoñecendo a obriga derivada, co seguinte contido:

-D^a Verónica Porteiro Segovia: 300,00 euros.

-D^a Patricia Barrigón Barca: 200,00 euros.

-D^a Lorena Varela Pose: 100,00 euros.

Quinto.- Ordear o pagamento dos premios da antedita relación aos interesados, dando traslado do presente acordo ao departamento de intervención aos efectos oportunos.

Sexto.- Publicar o presente acordo na sede electrónica do concello para o seu público coñecemento.

Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.